

As liñaxes da **fantasía** en '**O sangue dos camiños**'

Ramón Caride Ogando, un dos escritores máis exitosos da Literatura xuvenil galega, volve á escrita para adultos sen abandonar a liña habitual da súa obra, é dicir as aventuras. Da man de Sotelo Blanco acaba de publicar '**O sangue dos camiños**', a novela que lle valeu a última edición do Premio Risco de Literatura Fantástica e que amosa, unha vez máis, a capacidade do escritor ourensán para manter a tensión narrativa sen perder unha pinga de interese literario. A novela desenvólvese en distintos espacios xeográficos e a través de tres personaxes centrais. Nunha cidade descoñecida, un escritor atórméntase coa desaparición da muller amada.

En Nova York, unha azafata de voo trafica con estrañas mercadorías. En Le Vivier-Sur-Mer, na península da Bretaña, outra muller terá un inesperado encontro que muda a súa vida. Os camiños dos tres personaxes confluirán, ou non, dun xeito impensado.

A novela de Ramón Caride combina as diversas técnicas narrativas con elipses e rupturas temporais, mantendo en todo momento a tensión do lector cara á fatalidade dos desenlaces.

'O sangue dos camiños' completa a triloxía novelística de sombras e de lume, integrada tamén por *Soños Eléctricos* (Premio Blanco-Amor 1992) e *Sarou* (Premio Café Dublín 1997).

